



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Filosofía

Curso Académico: 2015/16

Índice

1. Introducción	1
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	2
3. Plan de melloras do Centro.....	5
• Comprobación das accións de mellora incluídas na Memoria de Calidade do curso 2014/15:	
• Proposta de accións de mellora incluídas na Memoria de Calidade do curso 2015/16	
- Plan de melloras do Grao	
- Plan de melloras do Máster	
- Plan de melloras do Centro	
4. Anexos:.....	31
- Informe de renovación da acreditación do Grao en Filosofía	
- Memoria de calidade da Facultade de Filosofía curso 2014/15	
- Manual simplificado SIGC	

1 Introducción

Esta Memoria de Calidade para o curso 2015-2016 ten sido elaborada conforme ao compromiso da Facultade de Filosofía co desenvolvemento do SGIC do centro. Exponse nela as medidas de mellora adoptadas como resultado dos informes de seguimento do título analizándose as realizadas durante o curso 2015-2016 e presentándose e xustificándose as propostas para o curso 2016-2017. No curso 2015-2016 os títulos adscritos a esta facultade e que constituen o ámbito de aplicación do SGIC foron o Grao en Filosofía e o Máster en Filosofía. O Grao de Filosofía foi sometido a un Plan de Viabilidade no marco do cal durante o curso 2015-2016 desenvolvéronse unha serie de accións de mellora que viñeron a reforzar o Plan de melloras previsto para o centro como resultado dos informes de seguimento, incidindo positivamente en moitos dos procesos integrados no SGIC que analizaremos aquí. Igualmente durante o presente curso académico 2016-2017 o título de Grao en Filosofía está obrigado a realizar o proceso de renovación da acreditación correspondente ao período 2009-2016 polo que a presente memoria basearase tamén no autoinforme elaborado para este fin así como as accións de mellora programadas como conclusións do mesmo.

Polo que respecta ao Máster en Filosofía este foi revisado en profundidade tanto na súa estrutura como nos seus contidos propoñéndose a aprobándose unha nova edición baixo o título de “Máster en Filosofía: coñecemento e cidadanía” que se puxo en funcionamento no actual curso 2016-2017 (DOGA do 13 de xullo de 2016). Durante o curso 2015-2016 con carácter excepcional e unha matrícula moi reducida impartíuse por última vez a edición do Máster en Filosofía: Cuestións Actuais, que quedara clausurado este ano, logo dun período para matrícula de TFM. Dado o curto período que a edición actual leva en funcionamento non contamos polo momento con informes de seguimento deste máster. Inda así a presente Memoria de Calidade contempla tamén unha serie de accións de mellora orientadas a reforzar os mecanismos de difusión que podan contribuír á captación de alumnado.

O Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) é unha ferramenta para propiciar a mellora continua das titulacións adscritas á Facultade de Filosofía de cara á consecución de niveis de calidade que permitan a renovación periódica da súa acreditación de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD861/2010.

O SGIC resulta da adaptación a este centro do SGIC marco da Universidade de Santiago de Compostela (USC) deseñado á súa vez seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG.

Este sistema de garantía de calidade sométese a un seguimento anual que, xunto co seguimento dos títulos e os plans de mellora derivados, contribúe ao mantemento e actualización das accións encamiñadas ao desenvolvemento da política de calidade do centro. A documentación do SGIC da Facultade de Filosofía e as evidencias da súa implantación están dispoñibles para consulta pública na web institucional da facultade na sección de calidade <http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html>.

2 Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

Para lograr unha xestión máis eficaz do SGIC e reforzar a súa capacidade de control de calidade dos diferentes procesos que integra, a Xunta da Facultade de Filosofía aprobou unha modificación da estrutura de xestión que comprende as seguintes medidas:

1. A asunción como tarefa central e específica por parte do vicedecanato da dirección e coordinación da calidade
2. A unificación das comisión de Grao e Calidade
3. A asignación da coordinación do Grao a unha persoa externa ao equipo, unha posibilidade aceptada recentemente pola USC para centros cun único grao que permite aumentar os activos de persoas que colaboran na xestión do título.

Estruturaremos este apartado facendo un percorrido polo **mapa de procesos** que contempla o SGIC sinalando os cambios e melloras introducidos.

Comezaremos este percorrido sinalando que a nova estrutura de xestión supón en sí mesma unha revisión e mellora do proceso de **Planificación** que preside e controla todos os demais procesos. Igualmente, tres das accións parcialmente executadas no marco do Plan de Viabilidade do Grao, as formuladas como “Creación dun censo de egresados”, “Creación de grupos de discusión con egresados” e “Plan de Renovación do Grao en Filosofía”, tal e como se describe no cadro adxunto, teñen que ver coa mellora tanto do proceso de **Planificación** como tamén co de **Deseño e revisión da oferta**.

Nestes procesos intégrase igualmente as tarefas referidas á transformación do título de Máster en Filosofía que foi substancialmente modificado tanto na estrutura como nos contidos reditándose baixo o novo título de Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía. A última fase deste proceso completouse durante o curso 2015-2016 no que se abordou a planificación e deseño da súa difusión mediante a configuración dunha páxina web propia e outros procedementos como cartelería e folletos, información a IES, reunións informativas con potencial alumnado, etc.

Polo que se refire ás distintas tarefas comprendidas no proceso de **Planificación das Ensinanzas** estas víronse favorecidas pola unificación dos departamentos dos que dependía a docencia tanto do Grao como do Máster, así como pola presenza do Director do novo Departamento na Comisión de Calidade.

No marco do Plan de Viabilidade do Grao desenvolvéronse melloras en todas as tarefas contempladas no proceso de **Docencia** que se especifican no punto 3. En xeral todas as accións de melloras englobadas neste plan teñen como obxectivo central a **captación de alumnado** que viuse conseguido polo aumento progresivo da matrícula que pasou dos 39 nos cursos 2013-2014 e 2014-2015 a 51 no curso 2015-2016 e a 56 no curso actual 2016-2017. Pero algunhas destas melloras teñen tamén un efecto moi directo sobre outros aspectos implicados neste proceso como son **a titorización e orientación do estudante**, **a coordinación da actividade docente** e **a avaliación do estudantes**. Referímonos en particular as acción de mellora que se describen no

punto 3 relativas a “Introdución de calendarios de avaliación” e “Análise de taxas de rendemento e avaliación”. O efecto positivo destas accións reforzáronse co programa de alumnos titores do programa A Ponte da USC ao que se sumou o noso centro o curso pasado e co deseño a finais do curso 2015-2016 dun plan xeral de reforzo da coordinación e acción tutorial que empezou a desenvolverse o curso actual.

Respecto ao proceso que ten que ver co **Apoio á actividade docente** destacaríamos o esforzo realizado pola plantilla docente polas xubilacións que se veñen producindo sen substitucións mediante contratos axeitados que garantan o relevo xeracional o que está dando lugar a un aumento considerable de carga docente en determinadas áreas, tanto en termos cuantitativos polo número de créditos asignados, como cualitativos pola diversidade de materias impartidas. Pode considerarse unha expresión deste esforzo e da preocupación do profesorado por mellorar e actualizar a súa formación metodolóxica o aumento de participación do PDI da facultade nos cursos de formación da USC que seguiu unha progresión moi destacable que desde o 4, 17% do curso 2011-12 chegou ao 39,14% do curso 2015-2016 .


En canto ao proceso de **Medición, análise e mellora**, coa finalidade de obter índices máis fiables da satisfacción coa docencia e poder valorar os efectos das accións de mellora, desde a dirección do centro estimulouse a participación nas enquisas tanto do profesorado como do alumnado que se incrementou en ambos grupos (de 37,50 ao 59,09 no primeiro caso e de 33,33 ao 37,50 no segundo) repercutindo este incremento á súa vez directamente no propio crecemento dos índices de satisfacción que pasou de 3,69 a 3,96 no primeiro caso e de 3,45 a 3,61 no segundo. Sinalaríamos como un aspecto fundamental deste proceso a análise de taxas de avaliación e rendemento iniciado no marco do Plan de Viabilidade e que deberá estenderse e tomar en conta un período máis longo pero que, de momento, xa está sacando á luz variables importantes ás que pode ser atribuída a variación de índices nas diferentes materias así como as taxas de abandono que se sitúan nesta titulación por encima das da USC. Entendemos que a identificación destas variables é moi importante para deseñar medidas axeitadas que permitan mellorar estas taxas sen que isto afecte á calidade docente, a seriedade dos criterios de avaliación e, todo isto, á calidade da formación ofrecida polo título.

No que se refire á **Información pública**, no último informe de seguimento do curso 2014-2015 a ACSUG facía unha valoración positiva da información dispoñible na páxina web do centro considerando que a información máis relevante do Grao en Filosofía estaba “actualizada, correctamente estruturada, é clara e está accesible aos distintos grupos de interese”. Sinalaba igualmente algúns aspectos que xa foron mellorados relativos á: procedementos de acollida e orientación de estudantes de novo ingreso, plan de coordinación e acción tutorial e liñas temáticas de TFG defendidos nos últimos cursos académicos. Están pendentes de incorporación outros aspectos que tamén se indicaban. O primeiro referíase á inclusión dun breve currículo dos docentes para o cal diseñárase proximamente un formato uniforme. O segundo referíase aos resultados de inserción laboral dos graduados en Filosofía, datos cos que, de momento non contamos e son dependentes de estudos que exceden a nosa competencia .

A información da páxina web foi actualizada e completada en moitos outros aspectos e, de maneira particular, no que se refire á incorporación de toda a documentación prevista no propio SGC. Neste sentido conta na actualidade con todos os accesos directos aos contidos do

Sistema de Garantía de Calidade (Manuais do SGIC, informes de seguimento, plans de mellora, memorias de calidade, Plan de Viabilidadee, Informe para a renovación da acreditación, composición e actas da Comisión de Calidade, Grado e Máster etc.), garantíndose así que todos os grupos de interese teñan acceso a esta información.

O indicador do que dispoñemos relativo á satisfacción coa información pública refírese unicamente aos egresados e, inda que limitada a este grupo de interese, podemos entender que é significativa posto que representa unha valoración da información da que dispuxeron ao longo dos seus anos de formación. Consideramos que estes últimos cambios permitirán manter a liña ascendente apreciada neste indicador que pasou dunha valoración de 2,40 (sobre 5) no curso 2014/15 a 3,33 no curso 2015/16.

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 5 de 35

3 Plan de melloras do Centro

Curso 2015/16: Comprobación das accións de mellora incluídas na Memoria de Calidade do curso 2014/15

CRITERIO	
Denominación da proposta	Realización de cursos de formación para o uso do Campus Virtual e de metodoloxías do ensino para o profesorado
Punto débil detectado	Uso non universal do Campus Virtual, necesidade de mellorar o ensino no centro
Ámbito de aplicación	Calidade da docencia
Responsable da súa aplicación	Responsáble de Calidade do Centro
Obxectivos específicos	Formar ao conxunto do profesorado no uso do Campus Virtual e facer que adquiran competencias en técnicas didácticas
Actuacións a desenvolver	Realización de cursos organizados coa axuda do CeTA por parte do Grupo para a Innovación Docente do noso centro
Período de execución	Cursos 2015/2016 e 2016/2017
Recursos/financiamento	Facultade de Filosofía
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	Certificación do CeTA
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	<p>Por parte do grupo de innovación docente da facultade FILINNOVA, constituído o 1 de outubro do 2015, organizáronse os seguintes cursos:</p> <p>(1) Deseño e implementación dunha materia no campus baseado en software libre. Curso de formación a demanda outubro do 2015. 8h. Docente: Alejandro Nieto Lareo. Técnico de e-learning. Asistindo 5 docentes da facultade</p> <p>(2) A pizarra dixital interactiva para as estratexias docentes. Curso contratado desde o centro. Decembro do 2015. 8h. Docente: D. Carlos Parada Gandos. Técnico en e-learning. Asistindo 5 docentes da facultade.</p>
Data Comprobación	Decembro 2015.
Incidencias	Ningunha.
Axustes/Novas Tarefas	Continuar a organizar máis cursos de formación no futuro.

CRITERIO	
Denominación da proposta	Introdución do sistema de titorización de estudantes por estudantes a cambio de créditos
Punto débil detectado	Necesidade de mellorar a orientación dada ao estudiantado nos primeiros cursos do grao
Ámbito de aplicación	Mellora do rendemento académico do estudiantado
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Mellorar as taxas de rendemento e éxito no Grao en Filosofía
Actuacións a desenvolver	Instauración do sistema de titorización ao que poderá optar alunado do Grao en Filosofía en liña co acontecido noutras titulacións
Período de execución	Curso 2016/2017
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	Taxas de éxito e rendemento
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Control das actividades encomendadas ao alumnado por parte do coordinador do curso A Ponte
Data Comprobación	Periodo lectivo 2016/2017
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	Dar continuidade a acción mediante a vinculación da facultade a este programa da USC

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Creación dunha sala de estudos e grado, reorganización doutros espazos no centro
Punto débil detectado	Falta de postos de estudo para o noso estudiantado e en xeral para o da USC en conxunto. Posibilidade de xestionar mellor os espazos da facultade
Ámbito de aplicación	Medios materiais do centro
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Transformación da actual sala (xa non activa) de informática nunha sala de estudos que sirva tamén de salón de graos. Posta en funcionamento da sala multiusos Paso definitivo, acordado xa no curso pasado, das clases do curso de 2º a outra aula con máis luz
Actuacións a desenvolver	Adquisición do mobiliario necesario e reutilización do xa dispoñíbel. Rexistro nos calendarios do curso da aula para 2º curso do grao
Período de execución	Cursos 2015/2016 e 2016/2017
Recursos/financiamento	Facultade de Filosofía
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	A sala está xa dispoñíbel e sendo usada para a realización de eventos.
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	A sala de informática arranxouse para ser unha sala de graos e eventos, se ben non está aínda activa como sala de estudos. Renomeouse co nome de Sala Hipatia.
Data Comprobación	Agosto 2016
Incidencias	Fíxose a readecuación do emprego do espazo, non se puido facer a adquisición do material ou a realización de obras por falta de orzamento.
Axustes/Novas Tarefas	Establecer o sistema para o emprego do espazo como sala de estudo, mudanza do mobiliario no futuro.

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Adquisición de equipamento informático para o préstamo
Punto débil detectado	Logo do peche da aula de informática compre a demanda do empréstimo de ordenadores na biblioteca aumentou moito
Ámbito de aplicación	Medios materiais
Responsable da súa aplicación	Equipo decanal
Obxectivos específicos	Mellorar os medios ao alcance do alunado.
Actuacións a desenvolver	Adquisición de equipamento informático para o empréstimo a estudantes, que substitúan o cumprimento das funcións antes realizado pola aula de informática
Período de execución	Cursos 2015/2016 e 2016/2017
Recursos/financiamento	Facultade de Filosofía
Responsable do seguimento	Equipo Decanal
Indicadores de execución	Balance económico de 2015 da Facultade de Filosofía. Presenza de dúas computadoras novas dispoñíbeis para ser prestadas na biblioteca.
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	O decano en funcións comprou dúas computadoras portátiles en decembo de 2015 na tenda de informática Elinfo, como consta nas contas do centro, e en xaneiro de 2016 foi en persoa despositalas na biblioteca para o seu uso en empréstimo, sinalando que son propiedade da facultade, non da biblioteca. Con posterioridade constatou que este equipamento xa estaba dispoñíbel para o empréstimo, e continúa estándose hoxe (como comprobou o agora ex-decano en funcións) recentemente.
Data Comprobación	Xaneiro de 2016, e de novo en febreiro de 2017.
Incidencias	Ningunha.
Axustes/Novas Tarefas	Ningunha.

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Adquisición de material para a impartición da docencia
Punto débil detectado	Pódese mellorar a docencia con novas ferramentas que aínda non estamos a aplicar
Ámbito de aplicación	Calidade da docencia
Responsable da súa aplicación	Profesorado da Facultade
Obxectivos específicos	Aumentar a calidade da docencia
Actuacións a desenvolver	Adquirir tabletas dixitalizadoras para usar coas pizarras dixitais e micro para a preparación de vídeos coas sesións, e discos SSID para a súa edición (temos xa cámaras e gravadora)
Período de execución	Curso 2015/2016
Recursos/financiamento	Facultade de Filosofía
Responsable do seguimento	Coordinador do Grao
Indicadores de execución	Disposición do material indicado no centro
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Adquiriuse unha tableta dixitalizadora.
Data Comprobación	Setembro 2016
Incidencias	O moi reducido orzamento do centro non permitiu facer finalmente todas as compras que poderían ter sido axeitadas.
Axustes/Novas Tarefas	Completar a adquisición de material en cursos vindeiros.


CRITERIO:	
Denominación da proposta	Realización do traballo do Grupo de Traballo para a investigación de cara á futura transformación do Grao en Filosofía
Punto débil detectado	Necesidade de modificar o grao para facelo máis atractivo
Ámbito de aplicación	Planificación das ensinanzas Denominación da proposta Presentación inicial de todas as materias.
Responsable da súa aplicación	Xunta de Facultde
Obxectivos específicos	Obter información sobre como se levan adiante os estudos de Filosofía noutros lugares para orientar a orientación e organizacións dos ofertados na USC
Actuacións a desenvolver	Estudo por parte do grupo do traballo dos graos noutros lugares, e elaboración de informe para a Xunta de Facultade
Período de execución	Cursos 2015/2016 e 2016/2017
Recursos/financiamento	Ningún
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	Informe presentado á Xunta de Facultade
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Presentouse un informe en setembro de 2016 por parte do coordinador do Grao á equipa decanal.
Data Comprobación	Setembro de 2016
Incidencias	A carga do traballo foi moi localizada no ex-decano do centro, é necesario distribuir máis este traballo.
Axustes/Novas Tarefas	Realización de máis investigación e discusión dos resultados por parte da Xunta de Facultade

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Creación dun censo de egresados/as e realización de grupos de discusión con elas e eles.
Punto débil detectado	Necesidade de ter máis información sobre o mellor xeito de enfocar os estudos en filosofía
Ámbito de aplicación	Planificación das ensinanzas
Responsable da súa aplicación	Equipo Decanal
Obxectivos específicos	Aumentar a información dispoñíbel da utilidade dos estudos en filosofía e da orientación que estes deben ter
Actuacións a desenvolver	Creación dun censo a irse cubrindo desde agora coas persoas egresadas das titulacións en filosofía que desexen constar nel. Realización de grupos de discusións sobre a utilidade dos estudos en filosofía con ditas persoas
Período de execución	Cursos 2015/2016 e 2015/2016
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	Censo de egresados
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Incorporación ao arquivo administrativo da Facultade de un rexistro de egresados da titulación do Grao en Filosofía dende a súa implantación no ano 2009, cos seus datos de contacto.
Data Comprobación	Curso 2015/16
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Realización de eventos na facultade con persoas egresadas que se atopen na actualidade a traballar en ámbitos diversos
Punto débil detectado	Necesidade de ter máis información sobre o mellor xeito de enfocar os estudos en filosofía, publicitación destes estudos
Ámbito de aplicación	Planificación das ensinanzas, promoción dos estudos en filosofía
Responsable da súa aplicación	Xunta de Facultade
Obxectivos específicos	Aumentar a información dispoñíbel da utilidade dos estudos en filosofía e da orientación que estes deben ter
Actuacións a desenvolver	Realizar conferencias con persoas egresadas do centro
Período de execución	Cursos 2015/2016 e 2016/2017
Recursos/financiamento	Facultade de Filosofía
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	Realización das conferencias, asistencia de público.
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Esta acción articulouse no Encontro interacadémico de ensinantes de Filosofía durante tres xornadas, os días 21 de Outubro, 28 de Outubro, y 4 de Novembro do 2016 na aula 4 da Facultade de Filosofía.
Data Comprobación	Decembro de 2016
Incidencias	Ningunha.
Axustes/Novas Tarefas	Continuación con estas actividades en cursos vindeiros.

CRITERIO:	
Denominación da proposta	Emprego das redes sociais para a difusión dos estudos en filosofía e para dar información para o estudiantado
Punto débil detectado	Necesidade de estarmos presentes nas redes sociais posto que estas son o mellor medio de comunicación para chegar ao estudiantado
Ámbito de aplicación	Promoción dos estudos no centro, mellor información do que acontece no centro
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Aumentar a información sobre o que acontece na Fac. De Filosofía da USC
Actuacións a desenvolver	Emprego do perfil en Facebook da nosa facultade e posíbel presenza noutras redes
Período de execución	Curso 2015/2016 en diante
Recursos/financiamento	Ningún
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	Existencia dunha páxina de facebook do centro
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Constatación da creación dunha páxina de facebook do centro.
Data Comprobación	Novembro de 2015
Incidencias	Ao non existir a obriga de que nin o PAS nin de PDI de xerir a páxina de facebook, isto é algo que se fai de xeito totalmente voluntario por parte do ex-decano en funcións de xeito que non ten unha actividade suficientemente rica. Así mesmo, non hai a posibilidade de facer anuncios, o cal incide nun impacto moito menor do que sería posíbel.
Axustes/Novas Tarefas	Tentar que a universidade inclúa a presenza en facebook nas súas consideracións estratéxicas.


CRITERIO:	
Denominación da proposta	Continuación coa celebración do Día da Filosofía con delegación no alunado do centro
Punto débil detectado	Posible redución do interese na filosofía e do estudo do Grao en Filosofía por mor da implantación da LOMCE.
Ámbito de aplicación	Promoción dos estudos no centro
Responsable da súa aplicación	Decano
Obxectivos específicos	Frear o desinterese polos estudos en Filosofía promovidos pola LOMCE
Actuacións a desenvolver	Realización na Facultade de Filosofía de actividades dentro da celebración do Día da Filosofía organizadas polo estudantado. A implicación deste durante a primeira celebración deste no curso presente leva a pensar que o mellor é que sexa o estudantado quen leve a maior parte da súa organización futura. Realización das xestións para a modificación do patrono do centro ao día da filosofía.
Período de execución	Curso 2015/2016 en diante
Recursos/financiamento	Facultade de Filosofía
Responsable do seguimento	Decano
Indicadores de execución	Realización dos eventos, asistencia de público.
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Os eventos realizáronse nas datas previstas con asistencia variábel mais en xeral ampla de público. Malia a dificultade de estimar este dato, en total, a asistencia agregada a todos os eventos superou as 500 persoas.
Data Comprobación	Novembro de 2015.
Incidencias	Ningunha
Axustes/Novas Tarefas	Repetición do evento en anos vindeiros.

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 15 de 35


Curso 2016/17: Proposta de accións de mellora incluídas na Memoria de Calidade do curso 2015/16

Plan de melloras do Grao

ACCIÓNS DE MELLORA DO GRAO	
Código	AM-01 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan de Viabilidadee
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento
Análise causa	Escaso coñecemento entre o alumnado que accede á universidade da Filosofía como especialidade e opción formativa.
Definición/ Descrición proposta	Elaboración de material informativo para grupos de interese acerca da Filosofía como disciplina e os seus ámbitos de estudio, así como saídas profesionais dos egresados. Difusión de estes materiais a través da páxina web do centro.
Datas	Cursos 2016/17, 2017/18
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Secretaria do Centro, Coordinador do GRAO
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Presencia na páxina web de estes materiais
Data Comprobación	Primeiro semestre curso 2017/18
Incidencias	--
Axustes/Novas tarefas	--

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 16 de 35

ACCIÓNS DE MELLORA DO GRAO	
Código	AM-02 (Curso 2015/16)
Orixe	Plan de Viabilidade
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento
Análise causa	Descenso progresivo do alumnado de novo ingreso a partir do primeiro curso de implantación do GRAO. Reforzar os efectos positivos, sobre o crecemento da matrícula, das accións desenvolvidas no marco do Plan de Viabilidade xa detectados no curso 2015/16
Definición/ Descrición proposta	Creación de grupos de discusión con egresados para obter información sobre as demandas dos ámbitos de inserción profesional dos especialistas en Filosofía, tanto clásicos (ensinanza) como actuais. Utilizar esta información para orientar aspectos como contidos, metodoloxías e adquisición de competencias, modificacións do plan de estudos e/ou unha posible transformación do grao.
Datas	Cursos 2016/17, 2017/18
Estado/Eficacia	En execución. Realizouse con egresados situados no ámbito da docencia da Filosofía na ensinanza secundaria. Realizarase con egresados situados en outros ámbitos profesionais. Estudiarase a posibilidade de constituir un comité consultivo con egresados.
Responsables	Decano, Coordinador do grao
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Informes de reunións con estes grupos.
Data Comprobación	Primeiro semestre do curso 2017/18
Incidencias	--
Axustes/Novas tarefas	--

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 17 de 35

ACCIÓNS DE MELLORA DO GRAO	
Código	AM-03 (Curso 2016/17)
Orixe	Informe de seguemento/Plan de Viabilidade Análise de taxas de avaliación, rendimient e graduación
Ámbito de aplicación	Criterio 6: Resultados de aprendizaxe Criterio 3: Sistema de garantía de calidade
Análise causa	Número elevado de abandono da titulación sobre todo en primeiro curso, materias con elevado número de non presentados e de suspensos.
Definición/ Descrición proposta	Localizar as causas deste abandono así como das dificultades concretas que ofrezan esas materias de cara a aportar ao alumnado os recursos que poidan favorecer o aprendizaxe sin afectar á calidade da súa formación.
Datas	Cursos 2016/17, 2017/18
Estado/Eficacia	En execución no marco do programa de coordinación de cursos iniciado neste curso 2016/17.
Responsables	Coordinador do grao, coordinadores de curso, Comisión de Calidade.
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Seguemento da evolución por curso de estes índices. Informes de coordinación de cursos. Actas da Comisión de Calidade.
Data Comprobación	Finais do curso 2017/18
Incidencias	--
Axustes/Novas tarefas	--

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 18 de 35

ACCIÓNS DE MELLORA DO GRAO	
Código	AM-04 (Curso 2016/17)
Orixe	Informe de seguemento curso 2014/15, Plan de melloras curso 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento
Análise causa	Carencias detectadas na coordinación horizontal e vertical
Definición/ Descrición proposta	Plan de reforzo da coordinación. Elaboración dun protocolo para concretar o desenvolvemento deste plan.
Datas	Cuso 2016/17
Estado/Eficacia	Cursos 2016/17, 2017/18
Responsables	Coordinador do grao, coordinadores de curso, Comisión de Calidade
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Existencia dun protocolo de coordinación. Informes elaborados polos coordinadores de curso e informe global do coordinador do grao. Publicación destes informes nas aulas virtuais de coordinación accesible ao profesorado e ao alumnado.
Data Comprobación	Finais de cada semestre
Incidencias	--
Axustes/Novas tarefas	--

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 19 de 35

ACCIÓNS DE MELLORA do GRAO	
Código	AM-05 (Curso 2015/16)
Orixe	Plan de melloras curso 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento
Análise causa	Dificultades de adaptación do alumnado de novo ingreso ao contexto universitario e esixencias do primeiro curso.
Definición/ Descrición proposta	Realización dun plan xeral de acollida e orientación de estudantes de primeiro curso: acto de benvida, programa de alumnos titores, programa de titorías personalizadas, seguemento do coordinador de primeiro o do alumnado que se incorpora no segundo prazo de matrícula, información na web.
Datas	Cursos 2016/17, 2017/18
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Equipo decanal, Coordinador do grao.
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Informes de coordinación de primeiro, informes de alumnos e profesores titores, información da páxina web.
Data Comprobación	Principios do curso 2017/18.
Incidencias	--
Axustes/Novas tarefas	--

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 20 de 35


ACCIÓNS DE MELLORA DO GRAO	
Código	AM-6 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan de melloras curso 2016/17. Informe de seguemento curso 2015/16
Ámbito de aplicación	Criterio 2: Información e transparencia
Análise causa	Deficiencias detectadas nos mecanismos para comunicar de maneira adecuada aos grupos de interese as características do programa formativo e dos procesos que garantizan a súa calidade.
Definición/ Descrición proposta	Revisión e posta ao día da información publicada na páxina web da facultade. Inclusión de novos contidos referidos ao proceso de gestión do título e á aplicación do sistema de garantía interna de Calidade.
Datas	Cursos 2016/17, 2017/18
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Responsable de calidade, responsable da unidade.
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Comprobación da presenza na páxina de información acerca de todos os aspectos requeridos no último informe de seguemento do título e sinalados no anexo II da Guía de Avaliación para a Renovación da Acreditación da ACSUG.
Data Comprobación	Final do curso 2016/17
Incidencias	--
Axustes/Novas tarefas	--

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 21 de 35

ACCIÓNS DE MELLORA DO GRAO	
Código	AM-7 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan de melloras curso 2015/16
Ámbito de aplicación	Criterio 4: Recursos humanos
Análise causa	Esixencias de adaptación da metodoloxía docente ás características propias dos títulos de grao.
Definición/ Descrición proposta	Incentivar a formación continua do profesorado en cursos de innovación docente (uso da aula virtual, aprendizaxe por proxectos, coordinación horizontal e vertical, dinámica de grupos, etc...
Datas	Cursos 2016/17, 2017/18
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Comisión de Calidade, Coordinador do grao, responsable de Calidade.
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Cursos realizados e número de profesorado do centro asistente
Data Comprobación	Final de cada curso.
Incidencias	--
Axustes/Novas tarefas	--

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 22 de 35

ACCIONES DE MELLORA DO GRAO	
Código	AM-8 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan de Viabilidade, Plan de melloras curso 2016/17.
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento
Análise causa	Escasa proxección da Filosofía como especialidade transversal e das súas relacións con outras disciplinas
Definición/ Descrición proposta	Implantación dun seminario permanente denominado Coloquios Filosóficos en Compostela para a organización de conferencias mensuales dirixidas a grupos de interese, tanto de persoas egresadas como de personalidades relevantes doutros centros e universidades.
Fechas	Cursos 2016/17, 2017/18
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Profesor José Luis Falguera
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Listado e calendario de conferencias impartidas
Fecha Comprobación	Final curso 2016/17
Incidencias	--
Ajustes/Nuevas tarefas	--

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 23 de 35

Plan de melloras do Máster

ACCIÓNS DE MELLORA DO MÁSTER	
Código	AM-01 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan de melloras do curso 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento
Análise causa	A Comisión Académica do Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía, considera importante reforzar e completar os contidos do mesmo, así como abrilo a un público máis amplo, poñendo en valor a súa contribución a pensar interdisciplinariamente os problemas do presente, consecuentemente acadar unha maior difusión que habería de redundar nun incremento de matrícula.
Definición/ descrición proposta	Como actividade formativa para o alumnado. Realización dunha Xornada/Seminario con dúas conferencias sobre temas de actualidade a impartir por profesor/a a concretar, no segundo cuatrimestre, cando os estudantes xa remataron as materias de formación básica e máis as obrigatorias de itinerario, e están a desenvolver o TFM. Tamén aberto ao público fundamentalmente do Campus da Cidadanía e como unha actividade inserida nel.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	Execución condicionada a recibir financiamento
Responsables	Coordinadora: M ^a Xosé Agra Coordinadores itinerarios: Nieves Herrero e José Luís Falguera
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIONS DE MELLORA


Código	AM-02 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan de melloras do curso 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 2: Información e transparencia
Análise causa	Na Memoria do Máster recollese a necesidade de dispor dunha web propia que permita o acceso dos estudantes, de forma atractiva e doada, á información. No primeiro ano do máster (curso 2016-17) púxose en marcha a páx. Web propia: masterenfilosofia.es, mais para o seu bo funcionamento requírese o seu mantemento para o curso 2017-18, de forma que contribúa a unha boa difusión do mesmo e, en consecuencia, sexa un bo instrumento tamén de captación de novos estudantes.
Definición/ descrición proposta	Promoción: o mantemento e revisión da web durante o curso 2017-18 é necesario para o bó funcionamento da páxina e permite unha sinxela administración por parte da Unidade de Xestión da Facultade de Filosofía para a edición de nova información e noticias que se vaian xerando.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	Execución condicionada a recibir financiamento
Responsables	Coordinadora do máster: Mª Xosé Agra Xestora de Centro: Yolanda Pacios
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 25 de 35

ACCIÓNS DE MELLORA DO MÁSTER	
Código	AM-03 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan de melloras do curso 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 2: Información e transparencia
Análise causa	Faise preciso mellorar a difusión do máster, neste sentido, tamén por medios como cartelería e dípticos con certo tempo de antelación ao período de matrícula. Isto require continuidade no tempo, e o seu mantemento ao longo dos distintos cursos académicos.
Definición/ descrición proposta	Dado que se trata dun máster novo, procurarase darlle a maior difusión posible mediante cartelería e dípticos.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	Execución condicionada a recibir financiamento
Responsables	Coordinadora do máster: M ^a Xosé Agra
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--


ACCIÓNS DE MELLORA DO MÁSTER

Código	AM-04 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan de melloras do curso 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 2: Información e transparencia
Análise causa	A USC non prevé canles institucionais e de xestión que faciliten a utilización das redes sociais como instrumento de difusión e proxección do Máster e das súas actividades académicas.
Definición/ descrición proposta	Contratación dos servizos dunha empresa que facilite o acceso e a xestión de redes sociais, co fin de difundir o Máster e as súas actividades académicas.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	Execución condicionada a recibir financiamento
Responsables	Coordinadora do máster: M ^a Xosé Agra Profesora Concha Martínez
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--


 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 27 de 35

Plan de melloras do Centro

ACCIÓNS DE MELLORA DO CENTRO	
Código	AM-01 (Curso 2016/17)
Orixe	Memoria de Calidade 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 2: Información e transparencia Criterio 5: Recursos materiais e servizos
Análise causa	Insuficiencia dos medios informativos actuais para difundir as múltiples actividades académicas que se desenvolven no Centro tales como defensas de TFGs e TFMS, teses de doutoramento, actividades de investigación, formación do alumnado, relacionadas co ensino medio, etc.
Definición/ descrición proposta	Adquisición dos seguintes soportes informativos: -Taboleiro móbil para actos na Sala Hipatia, Salón de Actos, Sala de Xuntas, Aulas, etc. -Televisión de plasma para o andar o. Nel proxéctase información de interese para o colectivo de integrantes da facultade.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	Execución condicionada a recibir financiamento
Responsables	Equipo decanal
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 28 de 35

ACCIÓNS DE MELLORA DO CENTRO	
Código	AM-02 (Curso 2016/17)
Orixe	Memoria de Calidade 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos
Análise causa	Neste momento o material informático dedicado a docencia da facultade está moi anticuado e é preciso proceder a súa renovación progresiva, abordando durante este curso as necesidades máis urxentes.
Definición/ descrición proposta	<p>Adquisición de equipamento informático destinado a substituír o existente, ou a subsanar deficiencias:</p> <ul style="list-style-type: none"> • PC portátil de reposto tanto para posibles avarías en PC de aulas e seminarios como para teses, TFG, TFM, etc. • PC fixo, conmutador ou splitter e pantalla plana para Sala Hipatia. • Dous proxectores para subsanar as avarías que presentan frecuentemente os actuais. • AULA 2: conmutador ou splitter para conectar proxector e pantalla ao PC e evitar que a docencia se imparta de costas á proxección do ordenador. Equipamento de son con amplificador para a proxección de vídeos e demais arquivos de son. • Seminario 108 (1º andar): conmutador para o mesmo efecto que na aula 2, altofalantes portátiles para conexión ao PC. • Seminarios 303, 305 e 330: conmutadores, equipos de son portátil, actualización de PC fixos pola antigüidade dos instalados neses recintos, armarios para gardar e recoller CPU, teclado, rato e altofalantes. • Seminario 331: conmutador, pantalla plana.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	Execución condicionada a recibir financiamento
Responsables	Equipo decanal
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 29 de 35

ACCIÓNS DE MELLORA DO CENTRO	
Código	AM-03 (Curso 2016/17)
Orixe	Plans de melloras 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos
Análise causa	Os estudantes traen os seus portatís á aula e non hai enchufes dispoñibles.
Definición/ descrición proposta	Instalación de bases de enchufe nas paredes para a conexión de portátiles polo alumnado nas aulas 1, 2, 3 e 5.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	Execución condicionada a recibir financiamento
Responsables	Equipo decanal
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Conprobar que a instalación estea feita
Data Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA DO CENTRO

Código	AM-04 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan de melloras 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 5: Recursos materiais e servizos
Análise causa	O Salón de Actos da Facultade conta cunha tarima; neste momento o acceso é mediante escaleiras e as persoas con mobilidade reducida teñen problemas para acceder a ela.
Definición/ descrición proposta	Adquisición de rampa que facilite o acceso a tarima do Salón de Actos
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
Estado/Eficacia	Execución condicionada a recibir financiamento
Responsables	Equipo decanal
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Comprobar instalación e data de instalación.
Data Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 31 de 35

ACCIÓNS DE MELLORA DO CENTRO	
Código	AM-05 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan de melloras 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento
Análise causa	O actual regulamento está obsoleto por ser anterior aos estatutos vixentes.
Definición/ descrición proposta	Modificación do regulamento de réxime interno para axustalo a legalidade vixente. Esta modificación deberá garantir a legalidade das reunións telemáticas (para asuntos que o permitan).
Datas	Curso 2016-17
Estado/Eficacia	
Responsables	Secretaría académica da Facultade de Filosofía
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Comprobación da aprobación do novo regulamento. Comprobación de que contemple as reunións telemáticas das diferentes comisións da facultade (incluídas as dos títulos xestionados dende a facultade)
Data Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

 FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 32 de 35

ACCIÓNS DE MELLORA DO CENTRO	
Código	AM-06 (Curso 2016/17)
Orixe	Plan Melloras 2016/17
Ámbito de aplicación	Criterio 1: Organización e desenvolvemento Criterio 4: Recursos humanos
Análise causa	Polo seu reducido tamaño o Centro conta con limitados efectivos para facer fronte a todos os procedementos de xestión polo que faise necesario deseñar medios que permitan racionalizar e axilizar as tarefas.
Definición/ descrición proposta	Deseñar e aplicar medios que permitan unha xestión máis áxil e eficaz das reunións das distintas comisións e órganos: fomentar o uso das reunións telemáticas, acotar o tempo de duración das comisións e dirixir eficazmente o tratamento dos asuntos e as intervencións.
Datas	Curso 2016/17
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Decano e presidentes das Comisións
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 06/03/2017
		Páxina 33 de 35

4 Anexo:

- Informe de renovación da acreditación do Grao en Filosofía (aprobado en Xunta de Facultade 25/01/2017)
- Memoria de calidade da Facultade de Filosofía curso 2014/15 (aprobada en Xunta de Facultade 04/02/2016)
- Manual simplificado SIGC (aprobado en Xunta de Facultade 21/12/2016)

(*) Non se achega ningún informe de seguemento do “Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía” ao ser o primeiro ano que se oferta.